

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Exp. Núm. 2064/2022

### ANTECEDENTES:

1.- Por Resolución da Alcaldía de data 6 de maio do 2022 aprobouse a oferta de emprego público (OEP) do Concello de Lalín para o exercicio 2022 correspondente á estabilización do emprego temporal e ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público.

2.- En data 19.05.2022 procédese á publicación da OEP de estabilización do Concello de Lalín no BOP de Pontevedra núm. 95.

3.- Posteriormente, en data 24.05.2022 aprobouse unha rectificación da OEP aprobada, procedendo á súa publicación no BOP do 30.05.2022.

4.- Este Concello de Lalín contou coa asistencia externa dunha empresa para a redacción bases deste proceso extraordinario de estabilización, sendo aprobadas as bases por devandito proceso por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.12.2022. Posteriormente, en data 28.12.2022 procedeuse á publicación no BOP de Pontevedra.

5.- En data 18.01.2023 procédese a publicación do extracto da convocatoria no BOE núm. 15, establecéndose un prazo de 20 días hábiles para a presentación das solicitudes nos distintos procesos selectivos convocados.

6.- Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde do Concello de Lalín, por Decreto asinado tamén polo Secretario, procede á aprobación da listaxe definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas nas distintas prazas que compoñen o proceso de estabilización de emprego temporal e cuxa publicación se fai no BOP de Pontevedra núm. 66 do 04.04.2023. No mesmo, procédese á publicación do Tribunal cualificador dos devanditos procesos selectivos.

7.- Despois da celebración das distintas valoracións por parte do Tribunal cualificador nas distintas prazas, así como a resolución das alegacións que foron presentadas polas distintas persoas que participaron nos procesos selectivos convocados, o Tribunal formulou unha proposta de nomeamento ou contratación dos mesmos, tal e como se sinala na base 12ª das que rexen o procedemento.

8.- Neste senso, e en relación coa praza/posto de “Tec. Med. de Promoción do Emprego/ ADL, Axente de Emprego”, que ven sendo ocupada pola empregada deste Concello, como persoal laboral interino, e candidata a dita praza no referido plan de estabilización, Dª Rosa Carrero Vicente, (solicitud de admisión presentada na sede electrónica deste Concello 2023-E-RE-872 con data 14/02/2023), dita traballadora non aportou a documentación indicada nas referidas bases, ni



procedeu a indicar que documentación obrante neste Concello que desexaba que se lle valorase a estos efectos, a pesar dos requirimentos notificados con data 09/02/2023 e con data 23/03/2023, que obran no referido exp. 2064/2022.

9.- De conformidade có establecido no artigo 2.2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a resolución destes procesos selectivos deberá rematar antes do 31 de decembro de 2024.

10.- Con data 11/12/2024, notificouselle a Resolución de desestimento á empregada deste Concello, D<sup>a</sup> Rosa Carrero Vicente, con DNI. Núm. \*\*\*5772\*\*, cos recursos pertinentes. Como consecuencia de dito desestimento, a referida empregada manterá o seu vínculo con esta Administración nos termos que tiña previamente, é dicir, como persoal laboral interino, ocupando o seu posto de maneira temporal.

11.- De conformidade coa Acta Definitiva do Tribunal Cualificador de data 20/12/2024 e co Anexo II das Bases do Proceso de Selección, no apartado de Baremo de Méritos establécese o seguinte: A puntuación máxima a obter no Concurso será de 100 puntos, considerándose aprobado quen obteña unha puntuación de 50 puntos ou superior. Polo tanto, vistas as puntuacións obtidas, e dado que ningún dos aspirantes acadou a puntuación mínima para acceder á praza en propiedade, dita praza quedaría deserta.

Por ende, de conformidade có exposto, e facendo uso das atribucións que me confiren os artigos 21 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,

## DISPOÑO:

**PRIMEIRO.-** Declarar **deserta** a praza de Téc. Med. de Promoción do Emprego, no marco do Plan de Estabilización deste Concello de Lalín, de conformidade có disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público, en virtude da Acta definitiva emitida ao efecto por parte do Tribunal Cualificador con data 20/12/2024.

**SEGUNDO.-** De conformidade coa base duodécima das da convocatoria, esta resolución publicarase na páxina web, na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

En Lalín, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

Xosé Crespo Iglesias

O Secretario Xeral

César López Arribas

